



Programación
cultural *Oleiros*
setembro-decembro 2019



Concello de
Oleiros
www.oleiros.org



Centro cultural A FÁBRICA

Música, exposicións
Rúa do Inglés, s/n
Perillo



Centro cultural AS TORRES

Obradoiro de olaría e teatro
Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 17
Santa Cruz / Liáns



Auditorio GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ

Teatro, música, danza
Rúa do Chelito, s/n
Mera/Serantes



CASA CHARRY

Exposicións
Praza de Galicia, s/n
Oleiros

SETEMBRO

TEATRO

Venres 27 de setembro ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica, Perillo

Circuíto FEGATEA: Federación Galega de Teatro Amador.

Lohengrín teatro presenta o espectáculo **Coa mirada nas súas mans**

Autoría: Pablo Iriarte

Dirección: Pablo Iriarte

Sinopse: Presentamos un pequeno espectáculo cun traballo técnico e de actores complexo. **Coa mirada nas súas mans**, conta a historia de rapazas cos seus temores e as súas dúbidas ao comezo da súa relación. Todo iso realizado para que tanto o público cego ou vidente poida apreciálo doutro xeito. Sentindo a historia a moi poucos metros das actrices, incluíndo en directo o sistema AUDES. Ademais, o público que o queira ver de forma tradicional tamén o gozará igualmente.

O espectáculo consta de dúas partes; unha primeira é a historia en si e unha segunda na que o público máis próximo terá a oportunidade de comentar coa propia compañía as súas dúbidas e experiencias.

Premios Buero Mellor espectáculo 2019, Mención especial do xurado

Elenco: Lara Álvarez Álvarez, Noa Iriarte Alonso, Alex Álvarez Díaz e Sofía Rodal Alén.

Duración: 50 minutos.

Público: maiores 14 anos.



Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

SETEMBRO

TEATRO

Sábado 28 de setembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Circuíto FEGATEA: Federación Galega de Teatro Amador.

Escoitade Teatro presenta o espectáculo **Un hotel de primeira sobre o río**

Autoría: Xohana Torres

Dirección: Doro Piñeiro

Sinopse: O texto de Xohana Torres está adaptado en catro cadros por Doro Piñeiro para **Teatro Escoitade**. Nel son constantes as referencias ás múltiples relacións persoais que nos atopamos acotío ao longo da vida, como tamén o son as luces e sombras que debuxa a condición humana e que en moitas ocasións, tal condición, remata por saírse do que se considera a estabilidade emocional da persoa, do individuo. Tal así é a defensa "do noso, dos nosos e do máis próximo", a presión especulativa, a corrupción política, o desinterese social e a superstición que levamos no ADN, como xeito de saída a toda unha carencia cultural de sociedades xa caducas, e non tanto.

Un hotel de primeira sobre o río é un relato, é unha historia de amor á natureza, é unha loa á impotencia e, finalmente, é un xeito de vida con data de caducidade. (Doro Piñeiro).

Elenco: María José Iglesias, Isidro Piñeiro, Doro Piñeiro, Eugenia García, Yaiza Fernández, Pastora Comesaña, Rosario Alonso, Raúl Alonso, e Raquel Álvarez.

Xénero: traxicomedia.

Duración: 70 minutos. **Público:** maiores de 12 anos.



Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

SETEMBRO

TEATRO

Domingo 29 de setembro ás 20:00 horas
Auditorio da Fábrica, Perillo

Circuíto FEGATEA: Federación Galega de Teatro Amador.

O Auturuxo de Melpómene presenta o espectáculo **Algo pasa con Paco**

Autoría: Alejandro Martín

Dirección: Cristina Mariño

Sinopse: Paco Checo é un cabaleiro errante dos de antes, dos que van na procura de dragóns e tesouros sen pensalo, xa que posúe un grande e indubidable valor, ou iso cre el, pero a verdade é que Paquiño xa coñeceu tempos mellores. Cando as malvadas forzas do mal raptan á princesa do Pobo, Paco e o seu fiel escudeiro, Xaime, lánzanse ao camiño trala aventura e o misterio.

Maxia, enredos, e entortos vanse sucedendo nunha trepidante e choqueira historia, onde Paco aprenderá que a vida non é só branca ou negra, senón que está chea de cores.

Elenco: Frankie Muiño, Alejandro Martín, Adelaida Abad, Chani Hernández, Carmen Caeiro e Bení Suárez.

Xénero: Comedia absurda.

Duración: 75 minutos.

Público: maiores de 12 anos.



Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 19.00 horas, ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO

MÚSICA

Xoves 3 de outubro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Encontro Internacional de Música de Pulso e Púa

Concerto do grupo **Andrea Andreu** de Santiago (Chile)

Sinopse: Cantautora e intérprete de música de Raíz. Nace no seo dunha familia ligada á cultura tradicional e á educación. Desde os 5 anos participou de instancias de aprendizaxes, tales como talleres de exploración musical, conxuntos folclóricos, clases de piano, canto e de guitarra. Grazas ao estímulo familiar e á forte relación que forxou a través dos anos con cantautores e investigadores da cultura tradicional, foise empapando e alimentando dos sons chilenos. Andrea é Licenciada en Teoría da Música (U. de Chile), Institución que a condecora como "Muller Xeración século XXI" (2003) é licenciada e profesora de Educación Musical (U. Maior). Ademais, ten estudos de técnica vocal na U. ARCIS e o Taller de Músics de Barcelona e é Magister en Música con mención en Cultura Tradicional (U. Maior). Grazas aos ensinos da súa mestra fundamental, Margot Loyola Palacios (Premio Nacional de Artes), soubo poñer a disposición a técnica e as ferramentas que entrega a academia en función da interpretación e investigación da cultura tradicional, práctica que plasmou no seu traballo, relacionado ás distintas afinacións usadas na guitarra tradicional de Chile, Perú e Arxentina.

Elenco: Andrea Andreu.

Público: todos os públicos.



Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO

MÚSICA

Venres 4 de outubro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Encontro Internacional de Música de Pulso e Púa

Concerto do grupo de Fado **Canção de Coimbra & Fado** de Lisboa (Portugal)



Sinopse: A Associação Guimarães Fado presenta un cativante e orixinal espectáculo, onde os 2 xéneros posibles do Fado (Coimbra & Lisboa) crúzanse, sen mesturarse. Espectáculo ese, que polas mans do requinte e tradición do propio fado, cega o papel fundamental de leste, no mirar sobre nós mesmos, na nosa

capacidade simultánea de ser quen somos, pero de estar permanentemente abertos ao Mundo, para nun trinar de acordes simples ou rebuscados, expresemos emocións e afectos comúns ao sentir Lusitano.

Durante este espectáculo son respectadas a instrumentación, afinado e estéticas, que ben diferencian o Fado de Lisboa e a Canção de Coimbra.

Elenco: Cristina Lima (fadista), Daniel Oliveira (guitarra portuguesa / estilo Lisboa), Domingos Mateus (guitarra portuguesa / estilo Coimbra), Horácio Andrade (viola de fado), Luís Teixeira de Campos (voz Coimbra), Vera Lima (fadista).

Público: todos os públicos.

Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO

TEATRO

Sábado 5 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Marelas Produccións presenta o espectáculo **Liberto**.

Autoría: Gemma Brió

Dirección: Tamara Canosa

Sinopse: Liberto é un espectáculo teatral con música en directo.

Cando nace Liberto a vida de Ada frea en seco. Desde unha sala de espera vivirá a experiencia máis determinante da súa vida.

Liberto é un canto á vida desde a primeira persoa interpelando directamente ao público. Unha reivindicación do imperfecto, do humano.

Un texto e unha proposta formal asentada nas atmosferas sonoras que falan da vida, do sensorial e instintivo.


Un espectáculo que revisa os límites socialmente acordados, un relato honesto de como xestionar a dor e de como seguir avanzando. Un proceso pegado ao primitivo, á conexión co noso animal, e por iso, contra todo prognóstico, cheo de vitalidade.

Elenco: Rocío González, Cris Iglesias e Lucía Aldao.

Xénero: teatro social.

Duración: 80 minutos.

Público: maiores de 12 anos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO

TEATRO

Sábado 19 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Redrum Teatro presenta o espectáculo **Idiota**

Autoría: Jordi Casanovas

Dirección: Alex Sampayo

Sinopse: Unha mañá Carlos Varela por fin cre que a súa sorte mudou: un anuncio ofrece moitos cartos a cambio de someterse a unha serie de probas psicolóxicas. Recíbeo unha atractiva doutora de orixe alemá. Comezan as preguntas, e comeza a comedia. Unha comedia que non tarda en ennegrecerse atrapando o protagonista, igual que atrapa o espectador nunha tea de araña perversa.

Este malévolo texto, sementado de minas en forma de dilemas morais e inquietantes descargas de presión psicolóxica, mergúllase nos mecanismos de manipulación, nos resortes da cobiza, o poder das grandes corporacións, a desinformación culpable, a capacidade da tolerancia ante o abuso de autoridade e as inconmensurables dimensións da estupidez humana, sempre ignorante da letra pequena das cláusulas que impón a vida.

Jordi Casanovas tende con habilidade as súas redes dramáticas nun texto maxistral estreado en Barcelona en 2015 e que está percorrendo todo o mundo con grande éxito de crítica e público.

Elenco: Machi Salgado e Susana Sampetro.

Xénero: comedia.

Duración: 70 minutos. **Público:** maiores de 12 anos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO

TEATRO

Domingo 20 de outubro ás 20:00 horas

Auditorio A Fábrica, Perillo

Circuíto FEGATEA: Federación Galega de Teatro Amador

Axouxere Teatro presenta o espectáculo **A túa tenrura, Molotov**

Autoría: Gustavo Ott

Dirección: Alejandro Albaiceta

Sinopse: Unha parella nova. Triunfadores. El, avogado. Ela, presentadora do telexornal. Queren ter fillos. De feito, están intentándoo cando de súpeto reciben unha caixa enviada polo FBI con data de... hai doce anos! O que a caixa contén, cambiará as súas vidas para sempre... ou non.

Elenco: Nanda Tasende e Alejandro Albaiceta.

Xénero: comedia.

Duración: 75 minutos.

Público: maiores de 14 anos.



Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 19.00 horas, ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO

TEATRO

Sábado 26 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Talía Teatro presenta o espectáculo **Vida de cans**

Autoría: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Sinopse: Tres actores. Tres cans. Ou tres actores que fan de can sen deixar de ser actores. Sen deixar de ser cans.

Están reclusos nun recinto que lles preparou o seu amo. Moi grande, moi cómodo, moi ameno, moi limpo... pero recinto. Ben tratados, ben atendidos, ben alimentados, ben acariñados..., pero reclusos.

Fóra do recinto está a liberdade. Cos seus desacougos, as súas incertezas, os seus problemas, os seus perigos... pero liberdade.

Cada un dos tres afronta o conflito segundo a súa personalidade, ou segundo a súa canalidade, e todo vai derivando cara a unha traxedia que nunca deixa de ser comedia.

Elenco: Toño Casais, Dani Trillo e Artur Trillo.

Xénero: comedia absurda, comedia paródica, comedia metafórica

Duración: 75 minutos.

Público: maiores de 12 anos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

NOVEMBRO

TEATRO

Sábado 9 de novembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Acusmase Opus presenta o espectáculo **Nun cuarto da rotonda**

Autoría: Samuel Beckett e Harold Pinter

Dirección: Evaristo Calvo

Sinopse: Baixo o título 'Nun cuarto da rotonda' (Beckett + Pinter), exhibimos os espectáculos 'A última cinta de Krapp', de Samuel Beckett, e 'O montacargas', de Harold Pinter. A función vai dividida en dúas partes.

Na primeira parte veremos 'A última cinta de Krapp', un monólogo onde contemplamos a desesperación do seu único personaxe que manipula unha gravadora onde escoita as cintas nas que garda impresións da súa vida recollidas trinta anos atrás. Krapp non se reconece a si mesmo e grava unha nova cinta coas impresións do presente. Estas resultan ser unha autocritica sen piedade da súa xuventude.

Na segunda parte veremos 'O montacargas'. Nesta obra, os dous protagonistas agardan ordes dunha entidade superior para acometer o seu traballo. Ben agarda pacientemente, pero Gus está inquieto e incómodo. Cuestiona o seu superior, un tal Wilson, ao que non vemos, e lanza continuas preguntas ao seu compañeiro. Ben vaise incomodando progresivamente ata acabar por botarlle as mans ao seu molesto parceiro. Para rematar, chéganlles ordes absurdas por medio de notas transferidas nun pequeno montacargas de hostalería disposto nunha das paredes do cuarto que habitan. Unha desas ordes será a da eliminación física dun ser humano.

Estas dúas comedias teñen en común que ambas se desenvolven nun cuarto. Tamén nas dúas os seus protagonistas manifestan a confusión propia de quen dá voltas nunha rotonda e non sabe que camiño elixir; o camiño que vai ou o camiño que volve.

Elenco: Federico Pérez, Santi Romay e Evaristo Calvo.

Xénero: comedia. **Duración:** 95 min. **Público:** maiores de 12 anos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

NOVIEMBRE

CINE

Domingo 10 de novembro ás 19:30 horas
Auditorio da Fábrica, Perillo

Proxección de **La sombra de la Ley**

Dirección: Dani de la Torre

Reparto: Luis Tosar, Michelle Jenner, Vicente Romero, Ernesto Alterio, Paco Tous, Manolo Solo, Jaime Lorente, Pep Tosar, Fernando Cayo, William Miller, Adriana Torrebejano, Xosé Barato, Ricardo de Barreiro, José Manuel Poga, Elías Pelayo, Paula del Río, Albert Pérez

País: España. **Año:** 2018.

Duración: 126 minutos.

Xénero: thriller, drama, anos 20, policíaco.

Cualificación: maiores de 16 anos.



Sinopse: Año 1921. España vive un momento axitado e caótico: son os anos do chumbo, froito dos violentos enfrontamentos na rúa entre matóns e anarquistas. O gangsterismo e os negocios ilegais están instalados na sociedade. Nesta situación de disturbios, Aníbal Uriarte é un policía enviado a Barcelona para colaborar na detención dos culpables do roubo a un tren militar. Aníbal e as súas formas non atopan moito apoio entre os seus compañeiros, e enseguida comezan os enfrontamentos e desconfianzas co inspector Rediú, un superior corrupto. Aníbal entrará en contacto non só cos baixos fondos da sociedade barcelonesa, senón tamén co mundo anarquista máis radical, disposto a todo para conseguir os seus obxectivos. Alí coñecerá a Sara, unha nova loitadora e temperamental, cuxo encontro terá consecuencias inesperadas para ambos.

Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 18.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

NOVEMBRO

TEATRO

Sábado 16 de novembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Contraproduccións presenta o espectáculo **A compañeira de piso**

Autoría: Jen Silverman

Dirección: Belén Pichel e Cándido Pazó

Sinopse: Sharon (Patricia Vázquez), unha ama de casa de cincuenta e pico anos e recentemente divorciada, publica un anuncio para compartir a súa casa no corazón do rural de Iowa. Sharon procura alguén coma ela, unha compañeira, se cadra, unha amiga. A chegada de Robyn (Rebeca Montero) para ocupar o cuarto deixa a Sharon de pedra xa que non podían ser máis diferentes: lesbiana, vegana, chegada do Bronx... Pero lonxe de arredarse, Sharon comeza a experimentar co estraño (e prohibido) xeito de vida de Robyn sen saber que a súa inquilina procura un refuxio no que agocharse e cambiar de vida. Unha comedia negra sobre a capacidade de reconducir o tren da propia vida e o que sucede cando este descarrila.

Elenco: Patricia Vázquez e Rebeca Montero, coa colaboración na voz en off de Xose Barato como fillo de Sharon.

Xénero: comedia.

Duración: 90 minutos.

Público: maiores de 12 anos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

NOVEMBRO

CINE

Domingo 17 de novembro ás 19:30 horas
Auditorio da Fábrica, Perillo

Proxección de **Trote**

Dirección: Xacio Baño

Reparto: María Vázquez, Celso Bugallo, Diego Anido, Tamara Canosa, Melania Cruz

País: España.

Ano: 2018.

Duración: 83 minutos.

Xénero: drama.

Calificación: maiores de 12 anos.

Sinopse: Filla de. Irmá de. Carne vive nunha aldea das montañas do interior de Galicia xunto ao seu pai Ramón, co que apenas se comunica, e a súa nai enferma. Traballa nunha panadería e necesita escapar dese ambiente opresivo, pero as circunstancias sempre lle impidiron dar o paso. Trotar. Fuxir.



Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 18.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

NOVEMBRO

MÚSICA

Sábado 23 de novembro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Mónica de Nut e Virxilio Dasilva presentan o espectáculo **Dos fíos invisibles chegan as cores**

Música ecléctica galega entre Mónica de Nut (voz) e Virxilio da Silva (guitarra). A súa música é un percorrido polos dous discos publicados no selo FreeCode Jazz Records. Un proxecto premiado na categoría de Músicas do Mundo nos Premios



Martín Códax da Música de 2014 e seleccionado entre os 5 mellores discos de jazz dese mesmo ano segundo o Club 1906 de Estrella Galicia. A cantante segue a insistir na combinación de música clásica, jazz, rock e tradición galega; música paleira, mestura de razas e estilos; dispersión sonora que acouga nas tripas. A esperanza está no inesperado, nos fíos invisibles que traen as cores que van chegando.

Premiado como mellor proxecto musical na categoría de Músicas do mundo polos Premios Martín Códax da Música 2014 e seleccionado entre os 5 mellores discos de jazz de 2014 segundo o Club 1906 de Estrella Galicia.

Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.


SETEMBRO

MÚSICA

Sábado 30 de novembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Emilio Rúa presenta o espectáculo **Duetos**

Emilio Rúa atópase na plenitude da súa madurez musical. Actualmente presenta o disco Duetos no que pode descubrirse o compositor e artista de Ourense para aqueles que aínda non o coñecen. Un disco gravado a dúo con dezaseis grandes nomes da música: Víctor Manuel, La Shica, Javier Álvarez, Rebeca Jimenez, Carmen Paris, Josele Santiago, Rozalén, Carlos Goñi, Vicky Gastedo, Soledad Gimenez, Pablo Milanés, Rosa Cedrón, Javier Ojeda, Mercedes Ferrer, Luis Pastor e Dolo Beltrán.



Prezo: 5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

DECEMBRO

TEATRO

Venres 27 de decembro ás 18.00 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Malasombra Producións presenta o espectáculo **Os fabulosos cleaners**

Autoría: Luis Beviá e Xoque Carbajal

Dirección: Marcos Orsi e Xoque Carbajal

Sinopse: Os Fabulosos Cleaners é un espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos. Unha extraordinaria experiencia visual para participar toda a familia. Dous operarios da limpeza do teatro, descubren por casualidade as múltiples posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, os personaxes emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas

fantásticas pompas e burbullas. O público sorprenderase e gozará con estas máxicas burbullas; pompas transparentes, con fume, con vapor, pequenas, grandes, estáticas ou voando polo escenario. O espectador camiñará da man destes personaxes por un mundo máxico, cheo de cor e de moito, moito humor, e verase sorprendido dentro dun patio de butacas repleto de miles de pompas de xabón.

Elenco: Xoque Carbajal e Jouse García.

Duración: 60 minutos.

Público: todos os públicos, a partir de 3 anos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 17.00 horas, ata completar a capacidade da sala.

PRÉGASE PUNTUALIDADE. POR
RESPECTO AOS ARTISTAS E AO
RESTO DO PÚBLICO, NON SE
PERMITIRÁ O ACCESO AO PATIO DE
BUTACAS UNHA VEZ INICIADO O
ESPECTÁCULO.

NON SE PERMITE COMER NIN BEBER
DENTRO DO PATIO DE BUTACAS.

OS MÓBILES PERMANECERÁN
APAGADOS DURANTE A DURACIÓN
DO ESPECTÁCULO.

NON SE PERMITE FUMAR EN
NINGÚN ESPAZO DO AUDITORIO.

NON SE PERMITE FILMAR, GRAVAR
OU SACAR FOTOGRAFÍAS SEN A
CORRESPONDENTE AUTORIZACIÓN.

MOITAS GRAZAS



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS**



Xacobeo 2021

galicia



**XUNTA
DE GALICIA**



**Deputación
DA CORUÑA**